



Concello de Vilaboa

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS DO ÁMBITO VECIÑAL, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2026 (BDNS Identif: 913866)

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/913866>)

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións veciñais durante ano 2026, con cargo á partida 334.48003 do Orzamento de 2026, por un importe total de 8.000 euros.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a celebración de eventos culturais no Concello de Vilaboa que melloren a calidade de vida da cidadanía.

2ª.-BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarias ás asociacións veciñais, con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Vilaboa para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral.

Terán a consideración de actividades ou programas de interese xeral, para os efectos da presente convocatoria, aquelas que fomenten a participación cidadá como medio de mellora da calidade de vida e das relacións veciñais e que se potencie o desenvolvemento das persoas, das aldeas e das parroquias do Concello de Vilaboa mediante actividades de carácter lúdico, social, cultural ou tempo libre. So serán subvencionables as recollidas na base terceira, deste documento.

As entidades terán que cumprir as seguintes condicións:

1) Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten a participación entre os/as veciños/as con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Vilaboa.

2) Para ser beneficiarias das axudas as entidades veciñais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Vilaboa.
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúen a súa representación legal nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarios de subvencións por incapacidade ou incompatibilidade, establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria, e non ser debedor do Concello de Vilaboa por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, líquida e esixible por vía de prema.
- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas e percibidas con anterioridade dende o Concello de Vilaboa, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Achegar coa solicitude para concorrer na convocatoria a documentación que se detalla nestas bases reguladoras.





Concello de Vilaboa

3) Os beneficiarios das axudas adquiren as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades ou proxectos e cumprir os fins ou propósitos que fundamentan a concesión da subvención.
- Comunicar o inicio ou celebración das actividades subvencionadas con anterioridade a súa celebración, así como acreditar diante do Concello de Vilaboa a realización da actividade na correspondente memoria.
- Deberá comunicarse calquera cambio que se faga en actividades subvencionadas en canto a horario, frecuencia, ou calquera outra alteración substancial da mesma.
- Facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades e programas subvencionados a colaboración do Concello de Vilaboa.
- Cumprir as condicións que se determinan nestas bases e na concesión da subvención ou axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Vilaboa.
- Comunicarlle ó Concello de Vilaboa a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou entidades privadas, así como doutros ingresos ou recursos que financien a actividade.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as seguintes actividades realizadas dentro do territorio do concello de Vilaboa no período comprendido entre o 01/12/2025 e o 30/11/2026:

- De tipo físico: ximnasia, ioga, pilates, aerobio, etc.
- De ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro: obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc.
- De tipo formativo e informativo á colectividade: obradoiros de xogos tradicionais, conferencias, coloquios, etc.
- De actividades de interese patrimonial, medio ambiental ou de rutas.
- Celebracións tradicionais como magostos, cacharelas, entroido, adornos de nadal, etc.
- Actividades extraescolares, festas fin de curso, etc.

En ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- Inversión ou gasto en obras.
- As viaxes e os gastos de comidas ou restauración.
- Premios de concursos, nin de sorteos.
- Os establecidos no artigo 31.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

4ª.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) A solicitude normalizada da convocatoria (Anexo I) xunto coa documentación que se recolle na base anterior deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilaboa, que irá acompañada dos seguintes documentos:

- a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades programadas e as prazas para cada unha.
- b) Copia cotexada do CIF, so necesaria no caso de non estar depositada no concello.
- e) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos. No caso de non tela depositado con anterioridade ou de ter cambiado.
- f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. Esta





Concello de Vilaboa

declaración esta incluída no anexo I.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederáse un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As solicitudes deberán conter unha ficha para a entidade (anexo I) e unha ficha de cada actividade para a que solicita subvención. Esta ficha terá os datos completos da actividade e os datos de financiamento da mesma (anexo II). Cada entidade deberá indicar para que concepto se pide a axuda.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000 €. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

5ª.-IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

Establecese como importe máximo a percibir por entidade 1.500,00 €.

Cada entidade indicará o importe máximo que poderá xustificar para esta subvención, non podendo concederlle un importe superior.

O importe da axuda ou subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á súa percepción en futuras convocatorias.

6ª.-ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Alcaldía nos prazos indicados nas presentes Bases.

A unidade de promoción económica será a encargada da instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

As valoracións das solicitudes e a formulación das correspondentes propostas de concesión de subvencións realizaraas unha Comisión de Valoración constituída para o efecto, que terá a seguinte composición:

- Presidente: Alcalde-Presidente do Concello de Vilaboa.
- Un/unha técnico/a da área de promoción económica.
- Concelleiro/a de Cultura, Educación e/ou Promoción Económica do concello de Vilaboa.
- Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, o secretario da corporación ou funcionario en quen delegue.

A comisión será a encargada de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

- Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.





Concello de Vilaboa

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

7ª.-TRAMITACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense como criterios de valoración das solicitudes do réxime de concorrência competitiva, os seguintes:

• Valoración da actividade en Xeral da Entidade

CRITERIOS COMÚNS PARA TODAS AS ACTIVIDADES DUNHA ENTIDADE	20 PUNTOS
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio (número de socios/as censados no concello de Vilaboa), de maneira que: <i>Ningún socio empadroados en Vilaboa outorgaría 0 Puntos.</i> <i>Ata 20 socios empadroados en Vilaboa outorgaría 5 Puntos.</i> <i>+ de 20 socios empadroados en Vilaboa outorgaría 10 Puntos.</i>	10 puntos
Nivel de colaboración e participación coas actividades de dinamización organizadas polo Concello de Vilaboa Si Non	10 puntos

CRITERIOS TRANSVERSAIS	60 PUNTOS
Actividades comunitarias para celebrar festas tradicionais, de maneira que: <i>Ningunha actividade celebrada outorgaría 0 Puntos.</i> <i>Ata 5 actividades organizadas outorgaría 5 Puntos.</i> <i>Ata 10 actividades organizadas outorgaría 10 Puntos.</i> <i>+ de 10 actividades organizadas outorgaría 15 Puntos.</i>	15 puntos
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria, actividade destinada a implicación social, de maneira que: <i>Ningunha actividade celebrada outorgaría 0 Puntos.</i> <i>Ata 5 actividades organizadas outorgaría 5 Puntos.</i> <i>+ de 5 actividades organizadas outorgaría 10 Puntos.</i>	10 puntos
Déficit de actividades análogas no territorio de influencia Si Non	10 puntos
Colectivos ao que se dirixe a actividade (xuventude, muller, terceira idade) Estas actividades deberán ter como destinatarios específicos estes colectivos. Si Non	10 puntos
Promoción da lingua galega como obxectivo no desenvolvemento da actividade. Si Non	5 puntos
Grao de innovación da actividade	10 puntos

A suma dos puntos obtida por cada entidade solicitante traducirase nun reparto económico proporcional de acordo á seguinte formula:

$$\text{Contía da axuda} = (X/\Sigma X) * C$$

X =Puntos obtidos segundo os criterios de valoración.

ΣX = Suma dos puntos obtidos por todas as entidades solicitantes.

C =Cuantía económica total a repartir.

8ª.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS

A resolución da concesión deberá notificárselles expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna. En dita resolución indicáranse as actividades subvencionadas de acordo do punto 2 desta convocatoria

9ª.-COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello





Concello de Vilaboa

naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Vilaboa.

10ª.-XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A entidade beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos, antes do día 01/12/2026.

A xustificación dos gastos conforme coa fin para a que a axuda foi concedida deberá realizarse mediante a achega da conta xustificativa, debera incluír:

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida ó abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu regulamento).

- Xustificantes do pagamento das facturas:

- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.

- No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade veciñal.

- No caso de pagamentos inferiores a 1.000,00 € realizados en efectivo, deberá presentarse a factura co selo de pagado e o recibín asinado polo provedor.

- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidade privadas.

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería municipal.

- Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais. Conforme co artigo 24.4 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 €, de acordo co establecido na base 4.

Sobre a execución das actividades subvencionadas deberá achegarse:

- Memoria económica, indicativa de todos os ingresos e gastos relacionados coa actividade subvencionada:anexo III

Relación clasificada dos gastos por cada unha das actividades subvencionadas, con identificación do acreedor e da factura ou documento equivalente, do seu importe, da data de emisión e da data de pagamento, de acordo co disposto no artigo 75 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Relación detallada por cada unha das actividades dos ingresos da entidade anexo IV

- Datos xerais dos ingresos da entidade segundo anexo V

- Memoria descritiva da totalidade das actividades subvencionadas.Conterá todos os datos da súa realización, participantes, docentes, horarios, lugar, duración e valoración. Se hai unha desviación do proxecto presentado, xustificarse o cambio.

Admitiranse como gastos subvencionables os seguintes:

1. Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc. (achegarse copia de materiais)

2. Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.

3. Asistencias técnicas: monitores/as, docencia, etc.

4. Outros gastos relacionados coas actividades executadas.

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

As subvencións xustificaranse antes do 01/12/2026. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma. A non presentación da conta





Concello de Vilaboa

xustificativa dentro do exercicio 2026 dará lugar á perda da subvención.

Non serán gastos subvencionables:

- Gastos ou inversión en obras.
- Os xuros debedores de contas bancarias.

- Os xuros, recargos e sancións administrativas.

- Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

11ª.-CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO E RÉXIME SANCIONADOR

O Concello de Vilaboa poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

12ª.-RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

13ª.- COMPROMISO DE PUBLICIDADE

As entidades que sexan destinatarias das axudas recollidas nestas bases deberán sinalar na publicidade das actividades realizadas durante o ano 2026 a seguinte lenda “co apoio do concello de Vilaboa”, seguido do escudo oficial do mesmo.

En Vilaboa na data que figura na marxe

D. César Poza González

Alcalde-Presidente do Concello de Vilaboa

(Documento asinado electrónicamente)





Concello de Vilaboa

ANEXO I - SOLICITUDE ANO 2026

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DA ENTIDADE	CIF.
ENDEREZO	CP.
TELÉFONO/S	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REPRESENTA Á ENTIDADE	NIF

Nº DE CONTA BANCARIA
TITULAR DA CONTA
Nº DE CONTA (IBAN-24 DIXITOS)

DECLARACIÓN XURADA

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento: Coñece e acepta as bases reguladoras que rexen a presente convocatoria de subvencións.

- Que achego, xunto con esta solicitude, a documentación xeral e específica recollida nas bases reguladoras da presente convocatoria.
- Que a entidade que represento está ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social.
- Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que SI NON (marque o que proceda) recibimos axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade que as contidas nesta solicitude. Se fora o caso, por importe de _____ €.
- A entidade á que represento non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Vilaboa _____ de _____ de 2026

A persoa representante da entidade
Asdo.

SR. Alcalde-Presidente
Concello de Vilaboa





Concello de Vilaboa

ANEXO II - MEMORIA DAS ACTIVIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE	CIF
ENDEREZO	CP
TELÉFONO/S	
ENDEREZO ELECTRÓNICO.	
REPRESENTANTE	NIF
Nº DAS PERSOAS SOCIAS E CENSADAS EN VILABOA (achegar listaxe tamén) :	

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)
DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO:
Gastos:
Ingresos previstos:
Contía solicitada:

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)
DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)
DATA/S DE REALIZACIÓN
PERSOAS DESTINATARIAS
ORZAMENTO:
Gastos:
Ingresos previstos:





Concello de Vilaboa

Contía solicitada:

ACTIVIDADE (Nome do proxecto)

DESCRICIÓN (No caso de ser preciso, poderase achegar a descrición do proxecto nun folio aparte)

DATA/S DE REALIZACIÓN

PERSOAS DESTINATARIAS

ORZAMENTO:

Gastos:

Ingresos previstos:

Contía solicitada:





Concello de Vilaboa

ANEXO III - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

RESUMO DE ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

ENTIDADE				
CIF:				
NOME DA ACTIVIDADE				
TIPO DE ACTIVIDADE - BREVE DESCRICIÓN (indicar nº de persoas participantes)	Data	Ingresos	Gastos	Subvención

Vilaboa _____ de _____ de 2026

A persoa representante da entidade

Asdo.

SR. Alcalde-Presidente

Concello de Vilaboa

ANEXO IV- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

(Unha por actividade) ANO 2026

XUSTIFICACIÓN DE GASTOS DE ACTIVIDADE

ENTIDADE:					
CIF:					
NOME DA ACTIVIDADE					
Provedor	Nº Fact.	Data fat.	Concepto	Data/pago	Importe

Vilaboa _____ de _____ de 2026

A/O presidenta/e

Asdo.

A/O tesoureira/o

ANEXO V - INGRESOS

ENTIDADE:

CIF:

ACTIVIDADE	INGRESOS	GASTOS

Vilaboa _____ de _____ de 2026

A persoa representante da entidade





Concello de Vilaboa

O Alcalde

(Asinado dixitalmente á marxe)

Cesar Poza Gonzalez

Cod. Validación: 3WPZ2WT2XHTAFKNG3C7TPLMC4
Corrección: <https://vilaboa.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

